



Traducción

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las medidas anunciadas en relación con los denominados TEFIVA (Tramos de Especial Frecuencia de Incidentes Viales con Implicación de Animales)**.

El Ministerio de Transportes acaba de hacer públicos los tramos donde se registra mayor incidencia de accidentes de tráfico con implicación de animales salvajes, en base a lo cual crea el denominado TEFIVA, Tramo de Especial Frecuencia de Incidentes Viales con Implicación de Animales. Para ser considerado como tal se toman en consideración una serie de datos; deben ser tramos de una longitud mínima de un kilómetro en los que, en los últimos cinco años, se hayan registrado al menos diez incidentes con fauna de determinado tamaño y que en alguno de ellos se hayan producido accidentes con víctimas.

Cabe señalar que, en muchos otros puntos, siguen produciéndose accidentes con frecuencia pero que, al no alcanzarse estas cifras estipuladas, no serán considerados como TEFIVA, pero en los que igualmente deberán adoptarse medidas preventivas.

En base a los criterios indicados se identificaron un total de nueve tramos en Galicia con esta especial incidencia. La N-6 es una de las carreteras que presenta mayor número de tramos con mayor concentración de accidentes con animales, destacando los puntos situados en los municipios de Oleiros, Outeiro de Rei y Begonte. El resto de tramos se sitúan en la N-640 a su paso por Guntín y en Foz a la altura de la playa de Gralleira; en la N-642 a la entrada de San Cibrao, en la N-651 entre Leiro (Miño) y el comienzo de Pontedeume, en la N-655 en Narón; y, por último, en la PO-11, junto al monte que linda con Lourizán y Ence.

Las previsiones del Ministerio para estos tramos, en aras de mejorar la seguridad vial, son informar a los conductores en estos tramos de la especial frecuencia de irrupción de animales con riesgo de atropello, para lo que prevé señalizarlos con la señal específica P-24 de advertencia de peligro por presencia de animales sueltos junto con un panel indicador de la longitud. Señales que irán acompañadas de luces intermitentes durante la noche y al anochecer.



Traducción

Con todo, resulta evidente que, además de las medidas de advertencia deben adoptarse también medidas de protección. El Ministerio ha indicado asimismo que «están trabajando» en medidas para tratar de evitar el acceso de los animales a las carreteras, como la construcción de pasos para fauna (únicamente donde lo recomiende la declaración de impacto ambiental), el vallado de los márgenes (únicamente en autopistas y autovías) y el desbroce de los márgenes de las carreteras (una medida principalmente para carreteras convencionales). No obstante, estas medidas no tienen por qué adoptarse necesariamente en los tramos declarados como TEFIVA, pues su aplicación no está vinculada a la declaración de tramos de especial incidencia, ni tampoco el propio Ministerio considera «eficiente» su extensión a todas las carreteras de titularidad estatal.

En definitiva, consideramos que son muchos los puntos o tramos conflictivos y de alta peligrosidad que quedarán excluidos de la consideración como TEFIVA, para lo cual es necesario asimismo prever medidas preventivas, o al menos señalización especial. Asimismo, en el caso de los tramos declarados de alta incidencia, las medidas deberán extremarse, y no limitarse a la señalización sino que necesariamente deberán ir acompañadas de otras medidas preventivas o de control de fauna que puedan implementarse.

Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. Puede facilitar información sobre los tramos o puntos de la red de carreteras de titularidad estatal en Galicia donde se hayan producido accidentes con animales salvajes, aunque no lleguen a cumplirse todos los baremos definidos para ser considerados TEFIVA? ¿Cuántos serían los tramos si se eliminara, por ejemplo, el requisito de la existencia de víctimas?
2. ¿En qué otras carreteras de titularidad estatal se han producido accidentes con animales implicados?
3. ¿No cree que los mecanismos de prevención y disuasión de especies silvestres deberían extenderse a todos los tramos donde se producen accidentes con animales y no solo a aquellos con especial frecuencia?
4. ¿Se han establecido canales de diálogo con los gobiernos de las Comunidades Autónomas, particularmente con la Xunta de Galicia, para abordar la cuestión de los accidentes de tráfico con implicación de animales de forma conjunta en toda la red de carreteras? ¿Existe colaboración en este asunto?
5. ¿Cuál es la propuesta de la DGT para implantar nuevas tecnologías para el control de



Traducción

los jabalíes en carreteras y dónde se instalaría?

En Madrid, a 17 de febrero de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 FEB. 2025 19:42:06

Entrada **56834**

Sobre os Tramos de Especial Frecuencia de Incidentes Viarios con Implicación de Animais

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás medidas anunciadas en relación aos denominados TEFIVA (Tramos de Especial Frecuencia de Incidentes Viarios con Implicación de Animais).**

O Ministerio de Transportes vén de facer públicos os tramos en que se rexistra a maior incidencia de accidentes de tráfico con implicación de animais salvaxes, en base aos que crea os chamados TEFIVA, Tramo de Especial Frecuencia de Incidentes Viarios con implicación de animais. Para ser considerado como tal tómanse en consideración unha serie de datos, deben ser tramos dunha lonxitude mínima dun quilómetro en que nos últimos cinco anos foran rexistrados, no mínimo, dez incidentes con fauna de certo tamaño e que nalgún deles existisen accidentes con vítimas.

Cabe sinalar que, en moitos outros puntos seguen a producirse accidentes con frecuencia, mais que, por non chegar a esas cifras estipuladas non van ser considerados como TEFIVA, mais que deberan adoptarse igualmente medidas preventivas.

Atendendo a os baremos indicados, identificáronse un total de nove tramos na Galiza con esa especial incidencia. A N-6 é unha das estradas que concentran o maior número de tramos con máis concentración de accidentes con animais, destacando os puntos dos concellos de Oleiros, de Outeiro de Rei e o de Begonte. Os outros tramos sitúanse na N-640 ao seu paso por Guntín e en Foz á altura da praia da Gralleira; na N-642 na entrada a San Cibrao, na N-651 entre Leiro



(Miño) e o inicio de Pontedeume, na N-655 en Narón; e, finalmente, na PO-11, a carón do monte que linda con Lourizán e Ence.

As previsións do Ministerios para estes tramos, en aras de mellorar a seguranza viaria, é informar ás persoas condutoras da entrada nestes tramos de especial frecuencia de interrupción de animais con risco de atropelo, para o que prevé sinalizalos co sinal específico P-24 de advertencia de perigo por presenza de animais soltos xunto cun panel indicativo da lonxitude. Sinais que irán acompañados de focos escintilantes nas horas nocturnas e no luscofusco.

Con todo, resulta evidente que, ademais das medidas de advertencia deben ser adoptadas medidas de protección. O Ministerio dixo que tamén “vén traballando” en medidas para tentar impedir a irrupción dos animais nas estradas, tales como a construción de pasos de fauna (só onde se recomenda segundo a declaración de impacto ambiental), o valado das marxes (só en autovías e autopistas) e o desfroce de franxas nas estradas (medida principalmente para as estradas convencionais). Porén, estas medidas non se teñen porque adoptar necesariamente nos tramos declarados TEFIVA, pois a súa aplicación non se vincula á declaración dos tramos de especial incidencia, é máis, o propio Ministerio non considera “eficiente” a súa extensión ao conxunto das estradas de titularidade estatal.

En definitiva, consideramos que existen moitos puntos ou tramos conflictivos e de alta perigosidade que van quedar fóra da consideración como TEFIVA, para os que tamén é preciso prever medidas preventivas, cando menos de sinalización especial. Así como que, no caso dos tramos de declarados de alta incidencia, deben extremarse as medidas, e non limitarse só á sinalización senón que deben ir acompañados, necesariamente, do resto de medidas preventivas ou de control da fauna que podan articularse.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Pode achegar a información relativos aos tramos ou puntos da rede viaria de titularidade do Estado na Galiza en que se produciron accidentes con animais salvaxes aínda que non chegue a reunir o conxunto dos baremos



- definidos para ser considerados TEFIVA? Cantos serían os tramos se se eliminara, por exemplo, o requisito de existencia de vítimas?
2. En que outras estradas de titularidade estatal se teñen producido accidentes con animais implicados?
 3. Non cre que os mecanismos de prevención e disuasión de especies salvaxes deberían estenderse a todos os tramos en que se producen sinistros con animais, non só aos de especial frecuencia?
 4. Ten establecido canles de diálogo cos Gobernos das CCAA, especialmente coa Xunta de Galiza, para abordar o tema da sinistralidade viaria con implicación de animais de forma conxunta en toda a rede viaria? Existe colaboración nesta materia?
 5. En que consiste a proposta da DXT de implantar novas tecnoloxías para o control dos xabarís nas estradas e onde se instalaría?

Madrid, a 17 de febreiro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso